



## Xoves, 2 de decembro

11.00 h **Apertura de Feet**  
11.15— 20.00 h Taller de edición e xestión de revistas de arte experimentais con **La Más Bella**

## Venres, 3 de decembro

10.00— 19.00 h Taller de edición e xestión de revistas de arte experimentais con **La Más Bella**  
19.30 h **Nuno Coelho** e **Adam Kershaw** presentan a súa obra: **Uma terra sem gente para gente sem terra. Um livro de colorir sobre a Palestina**

## Sábado, 4 de decembro

11.00 h Mesa redonda **A edición como campo aberto de expresión**  
Participan: **Manuel Bragado, Tati Mancebo, Pepe Barro, Nuno Coelho, Ángel Cerviño, Isabel Carvalho e Pedro Nora** (Braço de Ferro)  
13.00 h Presentación performática de **Pepe Murciego** sobre a edición realizada polos participantes no taller de **La Más Bella**  
Peche do taller e aperitivo

## Xoves, 16 de decembro

11.00— 19.00 h Introducción á tipografía con **Andreu Balius**  
19.30 h Conferencia de **Marcos Dopico**: **Aínda que chova... deseña. Deseño gráfico en Galicia na era global**

## Venres, 17 de decembro

09.30— 19.00 h Introducción á tipografía con **Andreu Balius**  
19.30 h Conferencia de **Dino dos Santos**: **DSType Foundry: Deseño de tipos para xornais**

## Sábado, 18 de decembro

10.00— 14.00 h Introducción á tipografía con **Andreu Balius**

## Feet

As diferentes estratexias e soportes utilizados hoxe en día no eido da edición servirán de base para a reflexión neste foro que pretende continuar coas reflexións, discusións e liñas de investigación abertas sobre este tema desde plataformas distintas como o Proxecto-Edición (realizado en Galicia entre 2006 e 2008), o Werkplaats Typografie (en Holanda), Rumbos de Edición (na Arxentina) ou a Oficina do Cego (en Portugal).

A información e os medios están cambiando continuamente. O que onte era ficción hoxe queda obsoleto, e os *e-books* son tan reais coma o papel, cunha potencialidade inmensa como arquivo.

Sen dúbida ningunha, convertéronse no medio de documentación por excelencia. Mais, no que respecta ao goce dos sentidos e ao pracer, resulta difícil competir coa simplicidade dunha folla de papel. Un soporte, que a pesar das enormes transformacións tecnolóxicas, non mudou tanto en relación coas producións de Gutenberg.

Neste momento, a edición -contra todas as previsións e agoiros pesimistas- está máis vixente ca nunca, e quizais nunca antes se lle prestou tanta atención a cada un dos elementos implicados no proceso: os contidos, a tipografía, os materiais, a forma, o tacto, o cheiro... Acaso somos máis conscientes da edición en papel?

Enmárcase Feet no proxecto Creativa, programa cultural interdisciplinar levado a cabo conxuntamente pola Axencia Galega das Industrias Culturais e a Dirección Regional de Cultura do Norte co financiamento dos fondos FEDER da UE, e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal.

## Talleres



**Andreu Balius** é un deseñador tipográfico asentado en Barcelona. Especialista en tipografía corporativa, deseño editorial, deseño de

marca, *lettering* aplicado, etc., servizos que ofrece desde a súa fundición dixital Typerepublic. Entre os seus traballos destacan a Pradell, un tipo de texto inspirado nas letras gravadas por Eudald Pradell no século XVII; Carmen, realizada especialmente para unha reedición do *Carme* de Merimée ou o Super Tipo Veloz, un traballo de recuperación dixital conxunto con Àlex Trochut. Imparte conferencias e obradoiros por todo o mundo. No Feet impartirá o obradoiro titulado **Introdución á tipografía**.



**La Más Bella** é “un proxecto de reflexión, acción e experimentación no mundo da edición de arte contemporánea, que impulsa

e realiza proxectos artísticos especificamente pensados para ser editados por canles e métodos alternativos ao mundo editorial convencional”. O seu proxecto máis regular é a revista experimental *La Más Bella*, editada desde 1993. Os seus responsables son Pepe Murciego e Diego Ortiz, ambos implicados no mundo da arte, a xestión cultural e os medios de comunicación en Madrid desde hai máis de 15 anos. Conducirán o **Taller de edición e xestión de revistas de arte experimentais**.

## Participantes

**Manuel Bragado**, director de Xerais desde 1994 e presidente da Asociación Galega de Editores. Imparte aulas no Máster de edición da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo. Imparte conferencias, ten colaborado en diferentes xornais, mantén unha columna semanal no *Faro de Vigo* e desde hai anos é un dos blogueiros máis activos coa súa bitácora *Brétemas* (<http://bretemas.blogaliza.org/>), referente dentro da blogoesfera galega.

**Tati Mancebo**, membro de Algueirada, unha empresa de xestión cultural que está detrás de comunidades como Blogaliza ou do proxecto musical AcoruñaSon. Tamén son formadores en TIC da Fundación Amancio Ortega e constrúen espazos para escritores: Xavier Alcalá, Pepe Cáccamo, Suso de Toro ou Manuel Rivas están entre os seus clientes. Alén do seu labor en Algueirada, Tati Mancebo colabora no blog de crítica literaria *O levantador de minas* e ten *blog* e *twitter* de seu, centrados no libro e a literatura dixitais.

**Pepe Barro**, deseñador galego con máis de trinta anos de profesión ás costas e membro da DAG. Ao fronte do seu estudio Grupo Revisión leva desenvolvendo traballos de deseño editorial coma o do semanario *A Nosa Terra*, 1977; o *Diario de Galicia*, 1987; a revista *Tempos*, 1996, e publicacións de Turgalicia entre 2001 e 2004. Entre os diversos premios que recibiu figuran o Premio Xerais á cooperación editorial en 2000, o Premio letra 2002 (SIGN-IFEMA) e o Premio AEPD de deseño en 2006.

**Isabel Carvalho e Pedro Nora** (editora Braço de Ferro). Unha artista e un deseñador gráfico son os coordinadores de Braço de Ferro-arte & design, proxecto editorial independente e autostestionado con sede no Porto. Ven no libro unha forma de acción pública (pública-acción) e política que debe potenciar a reflexión e o enriquecemento do lector e proporcionar unha alternativa aos medios establecidos de transmisión do coñecemento. As súas opcións editoriais, artísticas e formais resultan do estreito diálogo entre editores e os autores de cada proxecto, e desenvólvense nunha esfera de experimentación e de cuestionamento ao redor do libro.

**Dino dos Santos** naceu en 1971, no Porto, e licenciouse en Deseño de Comunicación Visual na Escola Superior de Artes e Design de Matosinhos, na que agora ensina Tipografía. En 1994 fundou o seu estudio DSType e desde aquela leva deseñado tipos para diferentes institucións, revistas e proxectos culturais. Constitúe unha referencia internacional do deseño de tipos *made in Portugal* e as súas requintadas fontes obtiveron galardóns tan prestixiosos como o Certificado de excelencia ao deseño de tipos que o Type Directors Club of New York lle concedeu en 2008.

**Marcos Dopico** é doutor en Belas Artes e profesor de Deseño na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, na que imparte as materias de Proxectos de Deseño e Historia do Deseño. Tamén colabora como docente cos Estudos de Deseño Superior en Deseño Téxtil e Moda de Galicia ESDEMGA, e no Máster en dirección de arte publicitaria da Universidade de Vigo. Ten publicados dous libros: *Propuestas para un diseño normal* e *Arqueología tipográfica: una historia de la tipografía moderna*, ademais de artigos e relatorios en publicacións especializadas. A súa faceta investigadora céntrase na influencia da modernidade no deseño contemporáneo.

**Nunho Coelho** naceu en Bruxelas en 1976, pero vive e traballa no Porto. Está licenciado en Deseño e Comunicación/ Arte Gráfica pola Facultade de Belas Artes do Porto. Na actualidade é profesor do Mestrado en design e multimedia da Facultade de Ciencias e Tecnoloxía da Universidade de Coimbra e como deseñador *freelance* desenvolve traballos para diversas institucións en Portugal, Alemaña, España, Noruega, Palestina e O Reino Unido.

**Ángel Cerviño** é escritor, artista visual e comisario de exposicións. Ten publicados os libros *Kamasutra para Hansel e Gretel*, *El Ave Fénix sólo caga canela*, co que obtivo o XV Premio de poesía Ciudad de Mérida, *Teleprompter* e tamén numerosos textos críticos sobre as novas prácticas artísticas e a tendencia á espectacularización da industria cultural en revistas, catálogos e publicacións de arte contemporánea. Foi membro do Consello editorial da revista SINAL (órgano de expresión da Asociación Galega de Artistas Visuais) e ten participado en diversos proxectos editoriais como *Entrecruzar-Proxecto edición* (CGAC, Santiago de Compostela, 2006), *RETAL-Fragmentos de cultura contemporánea* (Vigo, 2007-2008).

## Que é a DAG?

A DAG é unha asociación sen ánimo de lucro fundada en 2006 e que agrupa a deseñadores gráficos e industriais de toda Galicia.

## Cales son os seus obxectivos?

¶ Traballar e defender os intereses dos deseñadores galegos.

¶ Impulsar o deseño galego.

¶ Dar a coñecer e implicar os deseñadores no tecido empresarial do país.

¶ Reivindicar que o deseño ten un valor de seu, e que as empresas e as institucións públicas que coidan este aspecto están a engadir valor á súa actividade.

¶ Crear canles de comunicación entre os profesionais e tamén entre estes e os futuros profesionais, os estudantes das escolas de deseño, co fin de favorecer o diálogo e a reflexión sobre aquelas cuestións que máis lles preocupan e interesan a todos.

## Máis información

Laura Rubio (xerente cultural)  
Asociación Galega de Deseñadores (DAG)  
Apartado de Correos 2131  
15780 Santiago de Compostela  
[www.asociaciondag.org](http://www.asociaciondag.org)  
[info@asociaciondag.org](mailto:info@asociaciondag.org)

Do 2 ao 16 de decembro na Casa das Campás poderase visitar unha exposición con obras de Braço de Ferro, Editorial Clase Turista, La Más Bella, Shift!, Oficina do Cego e Entrecruzar, entre outras editoras.

Organiza: Colabora: Patrocina:



Universidade de Vigo



PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA ESPAÑA-PORTUGAL

